

A feira Abanca Cimago-GandAgro avanza na súa organización para fortalecerse como punto de encontro do sector agropecuario

- O SEU COMITÉ ORGANIZADOR REUNIUSE HOXE NA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA ABANCA PARA ABORDAR DISTINTOS ASPECTOS DA SÚA VINDEIRA EDICIÓN, QUE SE CELEBRARÁ DO 21 AO 23 DE FEBREIRO
- O DIRECTOR XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS ALIMENTARIAS, SILVESTRE JOSÉ BALSEIROS GUINARTE, PRESIDIU ESTE ENCONTRO

Silleda, 15 de novembro de 2018.- A III Feira Profesional de Maquinaria, Agricultura e Gandería, Abanca Cimago- GandAgro, segue a avanzar na súa organización de cara a converterse do 21 ao 23 de febreiro nun efectivo punto de encontro do sector agropecuario.

Con este obxectivo celebrouse esta mañá na Feira Internacional de Galicia ABANCA unha nova reunión do seu comité organizador, na cal se abordaron diversos aspectos, como a comercialización, sobre a que se destacaron as súas boas perspectivas para incrementar o número de expositores e superficie respecto á pasada cita e tamén importantes incorporacións de empresas que se produciron ata o momento para esta edición.

Así mesmo, detallouse o plan de promoción do certame, no cal se está a levar a cabo un notable número de accións e se incorporan novos soportes de marketing dixital. Ademais, comezouse a perfilar tanto o programa de actividades da feira como as entidades que realizarán xornadas técnicas.

No encontro o sector volveu a mostrar o seu respaldo a Abanca Cimago- GandAgro, estando representado por unha vintena de entidades, empresas e cooperativas con gran peso no ámbito agrogandeiro. Así, participaron a Federación Galega de Produtores de Porcino (FEGAPOR), Federación Frisona Galega (FEFRIGA), Africor Pontevedra, Grupo Coren, Delagro, Aira, Xenética Fontao, Farming Agrícola, Ausama, Maxidez, Tecnor Lalín Maquinaria, Rosber, Agrotec Entrecanales, Gea Farm Technologies Iberia, Talleres Moga, Cardelle Hidráulica – Forcar, Claas Ibérica, Hermanos Villar, Millares Torrón e ABANCA Agro.

A reunión estivo presidida polo director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias da Xunta de Galicia, Silvestre José Balseiros Guinarte. Durante a súa intervención trasladou aos presentes que dende a Consellería do Medio Rural se vai apostar pola mobilidade da terra produtiva a través dunha lei, cos obxectivos de acabar cos incendios e poñer en produción a terra, e tamén pola gandería de leite e carne como sector estratéxico, xunto coa agricultura e a maquinaria, e polos produtos de calidade para acadar unha mellora que se traslade en forma de rendibilidade a todos os produtores.